

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION	ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES
Al año36,06 €	Por cada palabra o números0,15 €
Al semestre24,04 €	- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
Más gastos de envío	- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	- Importe mínimo de publicación6 €
VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS	SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS
Por ejemplar de hasta 8 páginas0,60 €	Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas0,90 €	Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
Por ejemplar de más de 12 páginas1,35 €	
LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE	

Excma. Deputación Provincial

CONVOCATORIA ACCIÓNS FORMATIVAS INCLUÍDAS NO PLAN DE SAÚDE E PREVENCIÓN PARA O ANO 2009

Ó abeiro do convenio marco de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Mutua Gallega co obxecto de colaborar na celebración de accións formativas, esta Presidencia en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE:

Primeiro.- Convocar para a súa realización as accións formativas seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	EDIC.	HORAS	PARTIC.
06.01.01.09	PRIMEIROS AUXILIOS	01	05	25
06.02.01.09	ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA	01	05	25
06.03.01.09	CURSO BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	01	30	25

Segundo: Ordena-la publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP.

As características e contidos específicos deste curso detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

Primeira.- Solicitudes:

1.- O persoal que desexe participar nestes cursos presentará cuberta, en tódolos epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP, debendo a mesma contar co informe da Entidade Local, sinatura e selo do superior xerárquico (Presidente, Alcalde, Xefe de Servicio....).

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso.

3.- O prazo de presentación das solicitudes rematará ás 14:00 horas dos días que a continuación se relacionan:

CÓDIGO	ACCIÓN FORMATIVA	FINALIZA PLAZO
06.01.01.09	PRIMEIROS AUXILIOS	27 maio 2009
06.02.01.09	ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA	27 maio 2009
06.03.01.09	CURSO BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	11 xuño 2009

4. A dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Servizo de Formación, por:

- Presentación directa: No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- Correo postal: Rúa San Marcos, 8.- 27001 Lugo.
- Fax: 982 260 169 / 982 260 165
- Correo electrónico: formacion@deputacionlugo.org
- E demais lugares de conformidade co artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

Segunda.- Acceso ás accións formativas:

1. Poderá participa-lo persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I
2. O Servizo de Formación poñerase en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ós números de teléfono 982 260 065 / 982 260 035.

Terceira.- Certificación de participación:

Se expedirá certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento aos alumnos/as que asistan ó curso. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa.

a) Certificación de asistencia, ou

b) Certificación de asistencia con aproveitamento: Só para acción formativa "CURSO BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS", trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario:

En calquera dos supostos só se expedirá unha única certificación.

Cuarta.- Modificacións:

1.- A Deputación Provincial de Lugo, poderá modifica-lo desenvolvemento e mailos contidos da xornada co obxecto de adaptala ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

Lugo, 14 de maio de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código Acción Formativa	06.01.01.09	Denominación:	PRIMEIROS AUXILIOS		
Destinatarios:	Empregados públicos da Administración Local da Provincia de Lugo				
Nº de edicións	01	Participantes por edición	25	Nº horas por edición	05
Calendario previsto	1 de xuño de 2009		Horario:	9:00 h. – 14:00 h.	
Lugar celebración:	Aula Seminarios Deputación		Formador:	Servicio Prevención MUGATRA	

<u>Obxectivos:</u>	✓ Introducir aos alumnos en técnicas de aplicación de primeiros auxilios
--------------------	--

<u>Programa:</u>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Concepto de primeiros auxilios. ✓ Feridas e hemorragias. ✓ Queimaduras. ✓ Fracturas. ✓ Asfixia e respiración artificial. ✓ Reanimación cardiopulmonar (RCP) básica. ✓ Traslado de accidentados
------------------	--

Código Acción Formativa	06.02.01.09	Denominación:	ERGONOMÍA Y PSICOSOCIOLOGÍA APLICADA: CONCEPTOS BÁSICOS		
Destinatarios:	Empregados públicos da Administración Local da Provincia de Lugo.				
Nº de edicións	01	Participantes por edición	25	Nº horas por edición	05
Calendario previsto	4 de xuño de 2009		Horario:	9:00 h. – 14:00 h.	
Lugar celebración:	Aula Seminarios Deputación		Formador:	Servicio Prevención MUGATRA	

<u>Obxectivos:</u>	✓ Introducr aos alumnos en factores de riscos ergonómicos e psicosociais no traballo.
--------------------	---

<u>Programa:</u>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ FACTORES DE RISCO ERGONÓMICO. <ul style="list-style-type: none"> - Manipulación de cargas, posturas forzadas, movementos repetidos do membro superior e neuropatías por presión. - Pantallas de visualización de datos. - Iluminación. - Estrés térmico. - Ruído e vibracións. - Traslado de accidentados ✓ FACTORES DE RISCO PSICOSOCIAL. <ul style="list-style-type: none"> - Organización no traballo. - Tarefa. - Estructura na organización efectos adversos na saúde: fatiga, estrés laboral, burnout e mobbing.
------------------	--

Código Acción Formativa	06.03.01.09	Denominación:	CURSO BÁSICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS		
Destinatarios:	Empregados públicos da Administración Local da Provincia de Lugo, tendo preferencia o persoal que desempeñe as súas funcións no Servizo de Prevención				
Nº de edicións	01	Participantes por edición	25	Nº horas por edición	30
Calendario previsto	22, 23, 24, 25, 29 e 30 de xuño de 2009		Horario:	9:00 h. – 14:00 h.	
Lugar celebración:	Aula Seminarios Deputación		Formador:	Servicio Prevención MUGATRA	

<u>Obxectivos:</u>	✓ Capacitar dos alumnos como Técnicos de Nivel Básico según Real Decreto dos Servizos de Prevención.
--------------------	--

<u>Programa:</u>	<ul style="list-style-type: none"> • Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo: <ul style="list-style-type: none"> - O traballo e a saúde: os riscos profesionais. Factores de risco. - Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo. - Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. - Dereitos e deberes básicos nesta materia. • Riscos xerais e a súa prevención. <ul style="list-style-type: none"> - Riscos ligados ás condicións de seguridade. - Riscos ligados ao medio-ambiente do traballo. - A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral. - Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual. - Plans de emerxencia e evacuación. - O control de saúde dos traballadores. • Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa. • Elementos básicos de xestión da prevención de riscos. <ul style="list-style-type: none"> - Organismos públicos relacionados coa Seguridade e Saúde no Traballo - Organización do traballo preventivo: "rutinas" básicas. - Documentación: recollida, elaboración e arquivo.
------------------	--



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Servizo de Formación



ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

1. Título da acción formativa.							Código acción formativa				
2. Datos pessoais.											
Nome:		Primeiro Apelido			Segundo Apelido			N.I.F.			
Enderezo particular:		Localidade			Provincia		Teléf. Particular				
3. Datos profesionais											
Posto de traballo:		Grupo: A B C D E		Nivel:	Entidade onde presta servizos		Dependencia / Servicio		Data ingreso Admón.		
		<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>							
Enderezo posto de traballo			Localidade		Provincia	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico			
Minusvalía física	Sí	Non					Preferencia realización curso		Mañá	Tarde	
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Tipo de persoal	Funcionario	F. Interino	P. Eventual	Laboral Indefinido	Laboral Temporal	Horario habitual de traballo		Mañá	Tarde	Noite	Quendas
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Funcións que desempeña:											
4. Datos Académicos.											
<input type="checkbox"/> Certificado de Escolaridade ou títulos equivalentes.											
<input type="checkbox"/> Graduado Escolar / Graduado en ESO / FP I ou títulos equivalentes.											
<input type="checkbox"/> Bacharelato Superior / BUP / FP II ou títulos equivalentes											
<input type="checkbox"/> Diplomado Universitario / Enxeñeiro Técnico ou títulos equivalentes											
<input type="checkbox"/> Licenciado Universitario / Enxeñeiro Superior ou títulos equivalentes.											
5. Declaración.											
Declaro baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que aporfo á solicitude que abaixo asino.											
6. Informe da Entidade Local.											
<input type="checkbox"/> Favorable	<input type="checkbox"/> Desfavorable										
									Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servicio...)		

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_____ de _____ de 2009

Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Área de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. E-MAIL: formacion@diputacionlugo.org

De conformidade coa L.O. 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Excm. Deputación Provincial de Lugo, e serán tratados co fin de levar a cabo tódalas xestións relacionadas coa atención a súa solicitude. Vostede consinte o tratamento destes datos podendo exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición dirixíndose á dirección arriba indicada

AYUNTAMIENTOS

ALFOZ

Anuncio

Aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de bens e instalacións de dominio público municipal.

Polo Pleno do Concello de Alfoz en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de maio de 2009 acordouse a aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de bens e instalacións de dominio público municipal. De conformidade co disposto no artigo 17 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse o público por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Alfoz, 13 de maio de 2009.- O Alcalde, Emilio Lousas Muíña.

R. 02793

BALEIRA

Anuncio

Formulada y rendida la cuenta general del presupuesto de este Ayuntamiento correspondiente al ejercicio 2008 y dictaminada favorablemente por la Comisión Especial de Cuentas en sesión celebrada el día 12 de mayo de 2009, se expone al público por el plazo de quince días hábiles, contados a partir del siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, al objeto de que los interesados legítimos puedan examinarla y formular por escrito los reparos y observaciones que estimen pertinentes durante el plazo indicado y los ocho días siguientes, de conformidad con lo preceptuado en el artículo 212.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Baleira, 12 de mayo de 2009.- EL ALCALDE, Francisco Acal Eiros.

R. 02780

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

Artigo 1.- Identificación da entidade titular e sede oficial.

A entidade titular do servizo de produción de enerxía eléctrica obxecto de regulación é o Concello de Baleira, con sede na Avda. Dr. Escobar s/n, Cádavo.

Artigo 2.- Ámbito de actuación.

O establecido na presente orde é de aplicación ó servizo de produción de enerxía eléctrica que se leve a cabo polo Concello de Baleira.

Artigo 3.- Dereitos e deberes da empresa explotadora do servizo e da entidade titular.

Dereitos e deberes da empresa explotadora do servizo de produción de enerxía eléctrica:

a. O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estricte suxección ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo, e, no seu caso, á execución das obras conforme ó proxecto aprobado polo órgano de contratación. En todo caso a Administración conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo de que se trate. (Art. 255 LCSP).

b. Como obrigas de carácter xeral, o contratista está suxeito ó cumprimento das seguintes:

- Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir ós usuarios o dereito a utilizalo nas condicións que fosen establecidas e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.

- Coidar do bo orde do servizo, podendo dictar as oportunas instrucións.

- Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.

- Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de suministro consecuencia do de xestión de servizos públicos.

- Satisfacer á Administración titular do servizo o canon establecido no pertinente contrato, que en todo caso non excederá de 40.000 euros o compoñente fixo do mesmo nin do 10% da facturación anual a parte variable do mesmo.

c. O contratista terá dereito ás contraprestacións económicas estipuladas no contrato, que percibirá neste caso da empresa distribuidora da enerxía xerada, a través do prezo ou tarifa que reciba pola venda da enerxía.

d. En todo o non estipulado nesta ordenanza estara-se ó disposto na normativa vixente aplicable e ó establecido no pertinente contrato.

Dereitos e deberes do titular do servizo:

O titular do servizo de produción de enerxía eléctrica terá a obriga de facilitar a explotación do servizo á empresa concesionaria cumprindo en todo caso os requisitos establecidos na LCSP e resto de normativa vixente aplicable a esta materia, así como calquer outra obriga que se estableza no pertinente contrato.

O Concello de Baleira terá dereito a esixir, con todas as garantías que lle ofrece a lexislación, o pago anual do canon mixto que se acorde no seu día no respectivo contrato.

Artigo 4.- Descrición dos servizos.

O servizo regulado na presente ordenanza consistirá na explotación dun aeroxerador de 2MW de potencia por parte da empresa que no seu día resulte adjudicataria do servizo de produción de enerxía eléctrica renovable.

A modalidade de prestación do servizo será mediante a xestión indirecta, regulada na LCSP.

A empresa adjudicataria será a encargada da explotación do parque singular obxecto de regulación mediante a venda da enerxía eléctrica producida polo mesmo á pertinente empresa distribuidora, estando obrigada ó pago do canon establecido no contrato ó Concello de Baleira.

Artigo 5.- Cadro de prezos.

O cadro de prezos do servizo de produción de enerxía eléctrica producida polo aeroxerador virá determinado pola facturación da empresa explotadora do servizo da enerxía xerada á empresa distribuidora ós prezos que determine a normativa de aplicación en canto á retribución de réximes especiais de produción de enerxía eléctrica.

O cadro de prezos relativo ó canon a satisfacer pola empresa explotadora do servizo ó titular do mesmo (Concello de Baleira), será o que se estableza no pertinente contrato entre ambas dúas partes, que según o previsto na memoria xustificativa do servizo será un canon mixto no que a parte fixa non superará os 40.000 euros e a parte variable non superará o 10% da facturación anual.

Disposición final primeira.

En todo o non recollido na presente ordenanza estaerase ó disposto na normativa vixente aplicable, e en particular ó disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, Decreto 242/2007, de 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica de Galicia, así como en réxime transitorio o Decreto 302/2001, de 25 de outubro.

Disposición final segunda.-

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, estando en vigor ata unha posterior modificación ou derogación.

O Alcalde, ilexible.- A Secretaria, ilexible.

R. 02781

Edicto

Neste Concello tramítase expediente de baixa por inclusión indebida no Padrón Municipal de Habitantes de:

Nome	Tarxeta residencia
DUMITRU BUTILCA	X09323710Q
ANA MARIA GHEORGHITA	X09201557Q
CONSTANTIN GHEORGHITA	X05651174M

Intentada a notificación de incoación do expediente citado, non se pudo efectuar por non localizar ó interesado.

En cumprimento do disposto na Resolución de 9 de abril de 1997, pola que se dictan instrucións técnicas ós Concellos sobre a xestión do Padrón Municipal, en o artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Común, notifícase que deberá manifestar se está ou non conforme coa baixa no Padrón de Habitantes, nun prazo de dez días, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non estar de acordo poderá presentarse los documentos e xustificacións que estime pertinentes ó obxecto de acreditar que é neste municipio.

Baleira, 5 de mayo de 2009.- O Alcalde, Francisco Acal Eiros.

R. 02789

BURELA

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 11 de maio do 2009, o Padrón do servizo de augas, sumidoiro e lixo, do 1º bimestre do exercicio 2009, exponese ó público a efectos de exame e reclamacións polo prazo de quince días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 12 de maio a 13 de xullo de 2009.

Burela, 12 de maio de 2009.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 02830

CASTRO DE REI

Edicto

Solicitada desta Alcaldía pola empresa "HORNO ARTESANO CARRO, S.C.", licenza municipal para o "proyecto de actividad e instalaciones en nave industrial destinada a fabricación de tartas; y proyecto de almacenamiento y distribución de G.L.P. con depósito aéreo de 4.880 litros, para servicio de una fábrica de tartas", na parcela número 17 do polígono industrial de Castro de Ribeiros de Lea, no Concello de Castro de Rei, cumprindo co disposto no art. 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un prazo de vinte (20) días hábiles, co fin de que durante este período -que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examinar o expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgun

xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Castro de Rei, 14 de maio de 2009.- O Alcalde, Juan José Díaz Valiño.

R. 02814

—
**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE
CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Castro de Rei.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Pavimentación en la Ctra. de Duarría a Castro Ludrio y en la de Castro Ludrio al cruce con Ctra. de Mosteiro a Pol en Castro de Rei (Lugo).

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total:

- O valor estimado do contrato é de 172.242,53 euros.

- 16% de IVE: 27.558,80 euros.

- O orzamento máximo da licitación ascende á cantidade de 199.801,33 euros.

5.- Adxudicación.

a) Definitiva: 20/04/2009.

b) Contratista: HEBLATRI, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 199.801,33 euros, IVE incluído.

Castro de Rei, 8 de maio de 2009.- O Alcalde, Juan José Díaz Valiño.

R. 02815

—
**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE
CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector

Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Castro de Rei.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Pavimentación en la plaza García Abad, en la calle Hnos. Fernández Quintana y en la Avenida de Cospeito, en Castro de Rei (Lugo).

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total:

- O valor estimado do contrato é de 171.118,25 euros.

- 16% de IVE: 27.378,92 euros.

- O orzamento máximo da licitación ascende á cantidade de 198.497,17 euros.

5.- Adxudicación.

a) Definitiva: 20/04/2009.

b) Contratista: GALEGA DE MULTISERVICIOS Y CONTRATAS, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 198.497,17 euros, IVE incluído.

Castro de Rei, 8 de maio de 2009.- O Alcalde, Juan José Díaz Valiño.

R. 02816

—
**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE
CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Castro de Rei.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Construcción de edificio para parque municipal de maquinaria en el polígono industrial de Castro Riberas de Lea.

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total:

- O valor estimado do contrato é de 122.532,94 euros.

- 16% de IVE: 19.605,27 euros.

- O orzamento máximo da licitación ascende á cantidade de 142.138,21 euros.

5.- Adxudicación.

a) Definitiva: 28/04/2009.

b) Contratista: MAFERQUI, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 142.138,21 euros, IVE incluído.

Castro de Rei, 8 de maio de 2009.- O Alcalde, Juan José Díaz Valiño.

R. 02817

—————
**ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE
CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación definitiva do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Castro de Rei.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Construcción de pistas deportivas en Castro Riberas de Lea.

3.- Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total:

- O valor estimado do contrato é de 122.787,40 euros.

- 16% de IVE: 19.645,98 euros.

- O orzamento máximo da licitación ascende á cantidade de 142.433,38 euros.

5.- Adxudicación.

a) Definitiva: 28/04/2009.

b) Contratista: CONSTRUCCIONES J. ISIDRO, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 142.433,38 euros, IVE incluído.

Castro de Rei, 8 de maio de 2009.- O Alcalde, Juan José Díaz Valiño.

R. 02818

—————
CASTROVERDE

Edicto

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 12 de maio de 2009 o expediente de modificación de créditos número 6/2009, primeiro por suplemento con cargo ó remanente de Tesourería, por importe de vintenove mil vinteseis euros con cincuenta e dous céntimos (29.026,52), en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169.1 do mesmo texto legal, exponse ó público polo prazo de quince días, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podan formularse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Castroverde, 14 de maio de 2009.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 02862

—————
FOLGOSO DO COUREL

Mediante Decreto de Alcaldía de 11 de mayo del 2009, de conformidad con lo establecido en el art. 49 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, se resolvió remitir al Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, el expediente correspondiente al recurso que a continuación se indica:

Recurso: Recurso contencioso-administrativo, procedimiento abreviado 146/2009 R, interpuesto ante el Juzgado Provincial de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo.

Parte demandada: Ayuntamiento de Folgoso do Courel, Lugo.

Acuerdo recurrido: Acuerdo adoptado por la Corporación Municipal en la sesión plenaria extraordinaria de 02 de febrero del 2009 en relación a expediente de responsabilidad patrimonial tramitado relacionado con las obras ejecutadas por la Consellería de Medio Rural de la Xunta de Galicia en el camino de Noceda a Teixeira.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 49.1 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa se emplaza a

cuantos tengan la condición de interesados para que puedan personarse como demandados en el plazo de nueve días.

Folgoso do Courel, 12 de mayo del 2009.

El primer teniente de Alcalde-concejal delegado. P.D Resolución de 22/04/2009, Francisco Javier Castro Fernández.

R. 02868

A Corporación Municipal de Folgoso do Courel, Lugo, na sesión plenaria ordinaria do 30 de abril do 2009, acordou rectifica-lo inventario de bens municipal no referente ós inmobles dos centros de saúde de Folgoso e Seoane.

O expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles mediante edictos no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. O acordo considerárase definitivamente adoptado de non se presentaren reclamacións, observacións ou alegacións durante o mencionado prazo.

Folgoso do Courel, 11 de maio do 2009.- O primeiro tenente de Alcalde-concelleiro delegado, Francisco Javier Castro Fernández.

R. 02869

—
GUITIRIZ

Anuncio

Intentada a notificación persoal e non podéndose practicar, en cumprimento do establecido no artigo 59.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro, faise saber a don Georgi Ivanov Nalbntov que foi iniciado o procedemento para a súa baixa de oficio no Padrón de Habitantes deste Concello, motivo polo que se lle concede un prazo de 15 días hábiles para que se persoe no Concello aos efectos de verificar a súa residencia.

De facer caso omiso a este requerimento, o Concello previo expediente tramitado ao efecto procederá a súa baixa de oficio.

O que se lle comunica aos efectos oportunos.

Guitiriz, 8 de maio de 2009.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 02778

—
LANCARA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía D. José Valcárcel Regueiro, licenza municipal para "fosa de purin, revocado y pintado de fachadas de un alpendre" a situar en Seoane-Santalla de Lagos, cumprindo o disposto no art.

8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comenzará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Láncara, a 17 de abril de 2009.- O ALCALDE, ilexible.

R. 02831

—
Edicto

Solicitando desta Alcaldía D. Anselmo López López, en representación de MELAS, S.C., licenza municipal para "ampliación de explotación gandeira de vacún de carne e legalización de actividade" a situar en Supena-Ronfe, cumprindo o disposto no art. 8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comenzará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Láncara, a 18 de abril de 2009.- O ALCALDE, ilexible.

R. 02832

—
LOURENZA

Edicto

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o presuposto municipal para o exercicio económico do 2009, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o día seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse ó Sr. Alcalde - Presidente desta Corporación.

Lourenzán, 12 de maio do 2009.- O Alcalde, Vidal Martínez-Sierra López.

R. 02791

Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 11/05/09 a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR do Concello de Lourenzá así como da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE AXUDA A DOMICILIO, expóñense ditas modificacións ó público por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP e coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presenta-las suxestións que xulguen oportunas, de conformidade co disposto nos artigos 196.2 do ROF. de 28/11/96, artigo 49 da Lei 7/85 e artigo 56 do Texto Refundido aprobado por R. Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril.

O expediente está a disposición dos interesados nas oficinas municipais da Casa do Concello.

Lourenzá, 12 de maio do 2009.- O Alcalde, Vidal Martínez-Sierra López.

R. 02826

—
LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día seis de maio de dous mil nove, adoptou o acordo nº 19/328, na parte dispositiva do cal se fai constar:

PRIMEIRO.- Aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2009, co número de prazas de persoal funcionario e de persoal laboral que figuran no anexo, coa indicación das categorías profesionais nas que se distribúen:

SEGUNDO.- As bases das convocatorias para realizar conterán o sistema de selección que se determine, dentro do marco legal vixente, tendo que garantirse, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade consagrados na Constitución.

TERCEIRO.- Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

- Grupo C2. Escala de Administración Xeral. Número de vacantes: 8 (quenda libre). Denominación: Auxiliar administrativo/a.

- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Número de vacantes: 5 (quenda libre). Denominación: Bombeiro conductor.

- Grupo A1. Escala de Administración Xeral. Número de vacantes: 2 (unha en execución de sentenza). Denominación: Técnico.

- Grupo A1. Escala de Administración Xeral. Número de vacantes: 1 (quenda libre). Denominación: Licenciado en Dereito.

- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Número de vacantes: 1 (promoción interna). Denominación: Oficial conductor.

- Grupo C1. Escala de Administración Especial. Número de vacantes: 6 (quenda libre). Denominación: Técnico en xardín de infancia.

- Grupo C1. Escala de Administración Xeral. Número de vacantes: 1 (promoción interna). Denominación: Administrativo.

Policía Local:

- Grupo A1. Escala de Administración Especial (Técnica). Subescala Servicios Especiales (facultativa). Número de vacantes: 1 (quenda libre). Denominación: Intendente.

- Grupo A2. Escala de Administración Especial (Executiva). Subescala Servicios Especiales (Facultativa). Número de vacantes: 1 (quenda libre). Denominación: Inspector principal.

- Grupo C1. Escala de Administración Especial (Básica). Subescala servicios especiales (facultativa). Número de vacantes: 2 (quenda libre). Denominación: Técnico en explotación de sistemas informáticos.

- Grupo C1. Escala de Administración Especial (básica). Subescala servicios especiales (facultativa). Número de vacantes: 2 (quenda libre). Denominación: Técnico en medio ambiente.

- Grupo C1. Escala de Administración Especial (Básica). Subescala servicios especiales (facultativa). Número de vacantes: 1 (quenda libre). Denominación: Técnico en obras públicas.

- Grupo C1. Escala de Administración Especial (Básica). Subescala servicios especiales (facultativa). Número de vacantes: 1 (quenda libre). Denominación: Técnico de tráfico.

- Grupo C2. Escala de Administración Especial. Subescala servicios especiales. Número de vacantes: 4 (quenda libre). Denominación: Axente de mobilidade.

PERSOAL LABORAL:

- Nivel de titulación: Certificado de Escolaridade. Número de vacantes: 6 (quenda libre). Denominación: Operario.

Lugo, 15 de maio de 2009.- O CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE, José Rábade Arias.

R. 02822

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día seis de maio de dous mil nove, adoptou, entre outros, o acordo nº 21/330, de APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PARA O SERVIZO DE ARQUITECTURA DO CONCELLO DE LUGO, que a continuación se indican:

1. Réxime retributivo:

As retribucións serán as correspondentes ao grupo A subgrupo A2 de acordo co cadro de persoal e co pre-suposto vixente do Concello de Lugo.

2. Requisitos das persoas aspirantes:

Para ser admitido/a a esta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as persoas estranxeiras que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito, e os/as seus/súas descendentes e os/as do/da seu/súa cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

b) Estar en posesión do título de arquitecto/a técnico/a ou aparellador/a.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvan no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

3. Relación de servizo:

Procederáse ó nomeamento como funcionario/a interino/a, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público.

4. Duración da relación de servizo:

A duración de servizo é mentres perduren as circunstancias de urxencia que determinan o nomeamento interino/a, e non se incorpore á praza o/a funcionario/a de carreira, sexa declarada a praza vacante ou amortizada, así como a renuncia do/a funcionario/a, a perda da nacionalidade, a xubilación, a sanción disciplinaria de separación do servizo que tivera carácter firme ou a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que tivera carácter firme.

5. Sistema de selección:

De acordo coa base 3 das que rexerán a cobertura interina de prazas de funcionarios/as do Concello de Lugo nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público o sistema selectivo será o de concurso oposición.

A) Fase de oposición: Consistirá na realización dunha proba sobre as materias que figuran no anexo I destas bases, e que será de carácter eliminatorio. A fase de oposición puntuará de 0 a 10 puntos, e non superará ésta quen non acade unha puntuación ó menos de 5 puntos.

B) Fase de concurso:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fixase do seguinte xeito: Máximo: 6 puntos.

a) Experiencia profesional: Por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de arquitecto técnico ou aparellador, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa e contrato de traballo ou nomeamento, se é o caso.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos.
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos.
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos.
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos.

- De 80 a 100 horas de duración 1 punto.
- De 101 ou máis horas de duración 1,15 puntos.

6. Prazo de presentación de instancias e documentos que hai que presentar:

As persoas interesadas en participar neste proceso deberán presentar unha instancia no Rexistro Xeral do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Fotocopia compulsada dos méritos que se posúan e que poidan ser valorados de acordo co establecido no parágrafo B para a fase de concurso.

O prazo de presentación de instancias será de dez días naturais contados dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación a este proceso serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue a persoa aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

ANEXO I: Temario de materias para a fase de oposición.

PRIMEIRA PARTE.

1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

2.- Disposicións relacionadas coa edificación. Tipo, contido, obrigatoriedade, control. Normas, regulamentos e instrucións.

3.- O Código técnico da edificación: Disposicións xerais, condicións técnicas e administrativas. As esixencias básicas e os documentos básicos.

4.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas. A súa tramitación.

5.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: Aspectos máis significativos da Lei 8/1997, do 10 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia. Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade: Decreto 35/2000. Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas.

6.- Acondicionamento acústico dos edificios. Normativa técnica. A Lei de protección contra a contaminación acústica e o seu Regulamento. Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica.

7.- Normativa sobre protección ambiental en Galicia. Aspectos máis relevantes da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, Decreto 442/1992, da avaliación do impacto ambiental de Galicia, e Decreto 327/1991, do 4 de outubro, da avaliación dos efectos ambientais para Galicia. Ordenanza municipal de protección ambiental.

8.- Seguridade e saúde nas obras de construción. Real Decreto 1.627/1997.

9.- O contrato de obras nas administracións públicas. Instrucións técnicas, supervisión de proxectos, replanteo e demais aspectos nos contratos de obras das administracións públicas.

10.- Execución, modificación e extinción do contrato de obras das administracións públicas. Execución da obra pola propia Administración.

SEGUNDA PARTE.

11.- A organización administrativa do urbanismo: O urbanismo como función pública. Competencias da Administración do Estado. Competencias da Administración autonómica. Competencias da Administración local, en particular dos Concellos.

12.- O estatuto urbanístico da propiedade do solo. Réxime das distintas clases e categorías do solo.

13.- O Plan Xeral de Ordenación Urbana. Obxecto, determinacións e documentación. Os plans parciais e especiais. Outros instrumentos.

14.- Execución do planeamento: Distribución de cargas e beneficios. Áreas de repartición. Instrumentos para a distribución de cargas e beneficios. Os sistemas de actuación. Patrimonios públicos do solo. Obtención de terreos dotacionais.

15.- Intervención na edificación e uso do solo. As licenzas urbanísticas. Incumprimento dos prazos de edificación. Modificacións, supostos de incumprimento e caducidade das licenzas. Rexistro de soares. Réxime de edificación forzosa. A suspensión de licenzas na tramitación do planeamento: Clases, efectos, prazos. Disciplina urbanística. A protección da legalidade urbanística: Obras sen licenza en curso de execución, obras rematadas sen licenza. Suspensión de licenzas, revisión das licenzas e orde de execución. Infraccións e sancións.

16.- O deber de conservación e a declaración de ruína. Clases e procedemento para a súa declaración. Parcelamentos urbanísticos no solo urbano consolidado, indivisibilidade. Réxime dos parcelamentos. Edificios fóra de ordenación.

17.- Valoración do solo: Aplicación dos criterios da lexislación estatal sobre réxime do solo. O valor equitativo na expropiación forzosa. O prezo xusto. Valoracións das construcións. A valoración fiscal. Normas técnicas para determinar o valor catastral.

18.- Actuacións protexidas en materia de rehabilita-

ción. Rehabilitación de vivendas e edificios en conxuntos históricos. Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia (PEPRI).

19.- A ordenación urbanística do Concello de Lugo. O Plan Xeral de Ordenación. Análise comparativa co PXOM aprobado inicialmente e exposto ó público.

20.- Lexislación sectorial. Estradas e ferrocarrís: lexislación estatal e autonómica. Lexislación sobre os ríos: principios xerais. Lexislación estatal e autonómica de protección do patrimonio cultural.

Lugo, 14 de maio de 2009.- O CONCELLEIRO DELEGADO DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCION DA COMUNIDADE, José Rábade Arias.

R. 02824

DECRETO NÚMERO 434/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, catorce de maio de dous mil nove.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2009, unha vez rematados os procesos selectivos correspondentes e presentada a documentación requirida na base décimo novena das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal, así como na vixésimo das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, adoptou os acordos nºs. 15/303 e 14/302, polos que se nomea a don Enrique González Fernández e a dona Sonia Villasante Armas, como arqueólogo e traballadora social, respectivamente, do Excmo. Concello de Lugo.

Por todo o que, en cumprimento do establecido na base vixésima das xerais referidas e, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como dos acordos de dito órgano de Goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Facer públicos os nomeamentos de DON ENRIQUE GONZÁLEZ FERNÁNDEZ e DONA SONIA VILLASANTE ARMAS, como arqueólogo e traballadora social do Excmo. Concello de Lugo, respectivamente, os cales deberán tomar posesión no prazo dun mes, a partir do día seguinte á publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, coa advertencia de que, no caso de que non tomasen posesión no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderá todos os dereitos derivados da participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado a súa persoa.

Segundo.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

R. 02825

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATOS

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descripción do obxecto: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE CUBERTA CON APROVEITAMENTO PARA USO ADMINISTRATIVO, REHABILITACIÓN DE FACHADA E INCORPORACIÓN DE GALERÍA NO CENTRO DE SERVIZOS MUNICIPAIS. (FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total: 782.066,39 euros IVE incluído.

5.- Adxudicación:

a) Provisional: 15 de maio de 2009.

b) Contratista: UTE GALERÍA, a constituír polas empresas XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.A. e CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 782.066,39 euros IVE incluído.

Lugo, 15 de maio de 2009.- O ALCALDE, P.D. A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.

R. 02879

MONFORTE DE LEMOS

*CORRECCIÓN DE ERROS ANUNCIO
ADXUDICACIÓN DEFINITIVA*

Publicado anuncio de adxudicación definitiva do contrato de reforma de alumeadado público no Concello de Monforte de Lemos, no BOP núm. 105, do luns 11 de maio e advertido erro faise pública a seguinte corrección:

ONDE DI:

ADXUDICACIÓN.

Data: 02-04-2009.

Contratista: Ibersilva, S.A.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 151.157,86 euros.

DEBE DICIR:

ADXUDICACIÓN.

Data: 02-04-2009.

Contratista: Raúl e Hijos, S.L.

Nacionalidade: Española.

Presuposto de adxudicación: 151.157,86 euros.

Monforte de Lemos, a 11 de maio de 2009.- O ALCALDE, ilexible.

R. 02794

PANTÓN

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Pantón.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Realización da obra de "acondicionamento de espacios urbanos. Zona centro. Pantón".

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4.- Presuposto base de licitación.

Importe total: 166.471,30 euros e 26.635,41 euros en concepto de IVE.

5.- Adxudicación:

a) Definitiva: 20 de abril de 2009.

b) Contratista: OPAGA 003, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe de adxudicación: 166.471,30 euros e 26.635,41 euros en concepto de IVE.

Pantón, a 13 de maio de 2009.- O ALCALDE, José Luis Alvarez Blanco.

R. 02827

A PONTENOVA

Anuncio

Solicitada desta Alcaldía por D. Antonio Vázquez Miranda, licenza municipal para apertura de restaurante, situado en Avenida de Vilaoudriz, 13, baixo, cumprindo co disposto polo artigo 36 do Real Decreto 2.816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía e espectáculos públicos e actividades recreativas, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo -que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poida examinarse o expediente na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións e observacións que se consideren oportunas.

A Pontenova, 5 de maio de 2009.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 02835

Anuncio

Solicitando desta Alcaldía por don Federico Cotarelo Pereiro, en representación de Construcciones metálicas Cotarelo, S.L., licenza municipal para o cambio de actividade para a construción de estruturas metálicas, cubertas e cerramentos a situar en Polígono Industrial, parcelas, 15, 16, 26 e 27, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosa do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pre-

tende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A Pontenova, 4 de maio de 2009.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 02836

QUIROGA

Edicto

Rematado o prazo de exposición pública do acordo de aprobación inicial do regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Quiroga, xunto coa correspondente ordenanza fiscal, sen que se presentaran alegacións, elévase a definitiva, procedéndose a súa publicación íntegra, entrando en vigor a partir dese momento.

Quiroga, 12 de maio de 2009.- O concelleiro delegado, José Ángel Rodríguez Raposo.

REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE QUIROGA (Lugo).

- CAPÍTULO I -

1.- FUNDAMENTACIÓN:

É evidente que a nosa sociedade, por razóns económicas e sociais, está a cambiar. A familia foise convertendo nunha illa pechada e illada, pasouse do grupo patriarcal o matriarcal non que convivían dúas ou tres xeracións, o grupo de familia nuclear. Este feito motiva cada vez máis dificultades para atopar axudas e recursos ante os problemas que poidan xurdir. Esta nova configuración da sociedade fai que algún dos seus membros, por distintas circunstancias, vivan situacións de illamento, carencia de relacións persoais, familiares, veciñais ou de crise familiar, que son fundamentais para unha integración normalizada na comunidade, e en ocasións para a propia subsistencia.

As funcións que ata agora desempeñaba a familia teñen que ser suplidas por persoas alleas a ela, tarefas que desempeñaba a muller antes da súa incorporación o traballo, son asumidas por diversos servizos a domicilio.

Atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse en situación de especial vulnerabilidade, requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria, acadar maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadanía, constitúen motivo de atención preferente no marco dunha acción municipal solidaria, ao considerar a prestación da Axuda no Fogar como un instrumento de intervención social que se inscribe dentro dos Servizos Sociais de atención primaria ou Comunitarios.

2.- LEXISLACIÓN:

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais (que será derogada unha vez que entre en vigor a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, o primeiro día do mes seguinte a súa publicación no B.O.E.), estableceu o sistema galego de servi-

zos sociais como servizo público, orientado á prestación programada de servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e da participación das persoas, especialmente das que sofren carencias ou desatencións. Desta maneira desenvólvese a previsión do artigo 27.23º do Estatuto de Autonomía para Galicia, cando establecía que corresponde ao poder galego a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A dita Lei ordena o sistema en dous niveis de atención, primaria e especializada, correspondéndolle aos Concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria, entre os que figura o servizo de axuda no fogar, sen prexuízo das funcións de coordinación e ordenación normativa, así como de homologación, rexistro e control de centros e servizos, competencias que residen na Xunta de Galicia.

Consonte co anterior, promulgouse o Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, así como a Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar.

Esta ordenación normativa é coherente coa propia Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que inscribe a prestación de servizos sociais dentro do ámbito de competencias propias dos Concellos, competencia que exercerán nos termos que establece a lexislación da comunidade autónoma.

Resulta necesario agora, unha vez aprobada a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de maneira que, se establezan pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal.

3.- OBXECTO DE REGULACIÓN:

Partindo de que a axuda no fogar é un instrumento de intervención social que se inscribe nos Servizos Sociais de atención primaria ou comunitarios, compre que cada municipio regule unhas bases máis concretas e específicas de aplicación do servizo, respecto das características da zona, dado o carácter polivalente e a súa proximidade o cidadán.

Polo tanto, é obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido no ámbito territorial do Concello de Quiroga, de conformidade coa seguinte normativa.

- CAPÍTULO II -

1.- DEFINICIÓN:

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

2.- OBXECTIVOS:

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

3.- NIVEIS DE ACTUACIÓN:

O S.A.F. ten dous niveis de actuación:

- a) Un primeiro nivel de contención é soporte para evitar, si é posible, que a situación empeore ou para retardar os procesos lóxicos de deterioro por motivos de saúde ou idade.
- b) Un segundo nivel educativo para favorecer os cambios de actitude e comportamento, e que os usuarios atopen as propias posibilidades e tomen decisións sobre a propia vida. Tamén debe facilitar os coñecementos necesarios para mellorar a calidade de vida.

Cada un destes niveis debe ter unha vertente preventiva, educativa, rehabilitadora e outra asistencial.

4.- CONTIDO DO SERVIZO:

De acordo coa valoración técnica realizada polos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

4.1.- Servizos de carácter básico.-

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.

- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

4.2.- Servizos de carácter complementario.-

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

4.3.- Outros servizos.-

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización das actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo e as que non sexan estrictamente necesarias para a atención directa do usuario, recollidos no apartado 4º deste regulamento.

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

5.- PERSOAS DESTINATARIAS:

5.1.- Con carácter xeral.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de

convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

5.2.- Con carácter concreto.- darase prioridade no acceso ao servizo a:

a) Persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia).

b) Persoas que, accedendo o servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrência, se atopen nos seguintes supostos:

- Solicitantes que se atopen en situación de dependencia para a realización das actividades básicas da vida diaria, que vivan sós e que carezan de familia no termo municipal e/ou nun radio de 20 Km. A dependencia terá que ser determinada mediante certificados médicos, minusvalía, etc.

- Solicitantes que se atopen en situación de dependencia para a realización das actividades básicas da vida diaria, que aínda convivindo con familiares en primeiro grao por afinidade e/ou consanguinidade, non podan ser atendidos por estes debido a causas moi xustificadas (ter outras cargas familiares, padecer algún tipo de minusvalía que menoscabe a súa autonomía persoal no coidado do solicitante, precaria situación económica, etc.). Estas causas deberán ser xustificadas mediante a documentación que lle será solicitada ou requirida polos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios.

- Quedan excluídos todos aqueles casos que dispoñan de familiares en primeiro grao por afinidade e/ou consanguinidade, ven vivindo no termo municipal e/ou nun radio de 20 Km. e que non se atopen en algunha das situacións arriba descritas.

- Familias en risco de exclusión social (malos tratos, alcoholismo, etc.)

- Suxeitos ou familias que temporalmente se atopen nunha situación de incapacidade para a realización de actividades da vida diaria por enfermidade, accidente ... e que se atopen nalgunhas das situacións antes descritas.

6.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS:

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.

3. A coñecerem a organización e o regulamento do servizo.

4. A coñecerem a situación do seu expediente.

5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.

7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

7.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS:

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 37 da Lei 4/1993, de Servizos Sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.

2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.

4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

8.- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO:

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

a) A renuncia da persoa usuaria.

b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

d) Falecemento da persoa usuaria.

e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

f) A falta reiterada de pagamento do servizo.

g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

9.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO:

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motiven a súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

10.- EQUIPO DO SAF:

O equipo de traballo será o que a continuación se define:

1.- Traballador/a social.- É o profesional a través do cal se canaliza a demanda co obxecto de que realice o estudo e seguimento de cada caso e informe do tipo ou tipos de servizos aplicables o mesmo. As súas funcións son:

- Responsabilidade e Coordinación do Servizo.
- Atención e recepción da demanda.

- Valoración do caso incluíndo a visita o domicilio.

- Formular propostas de concesión ou negación da prestación do S.A.F. ao órgano competente.

- Formular propostas de suspensión polos motivos que se enumeran no apartado 9 deste regulamento.

- Definir os obxectivos, que irán plasmados nun proxecto de intervención que recollerá como mínimo a información contida no anexo II deste regulamento, e destinar os profesionais e/ou voluntarios necesarios.

- Dar a coñecer o servizo o usuario e acordar os compromisos das partes, que se recolleran no modelo do anexo III deste regulamento.

- Manter reunións periódicas con usuarios e auxiliares de axuda no fogar para garantir o correcto funcionamento do servizo.

- Avaliación permanente e supervisión do servizo, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

- Intervención con outros profesionais.

2.- Auxiliar de axuda no fogar.- É o persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias coas características que establece o artigo 12.2 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. As súas funcións son:

- Servizos de carácter domésticos e persoal, dentro e fora do fogar (os recollidos nos apartados 4.1. a) b) c) deste regulamento).

- Potenciar o protagonismo do usuario non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo.

- De colaboración co traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

3.- Educador/a familiar.- É o profesional que desenvolve unha serie de tarefas educativas en contacto directo co usuario e o seu entorno, con unha periodicidade establecida. As súas funcións son:

- De orientación en actividades da vida diaria, como a creación de hábitos de limpeza, hixiene, organización da vida doméstica, etc...

- Educativa, favorecendo ou estimulando a dinámica familiar, a comunicación e a relación co exterior.

- Colaboración co traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

O educador/a familiar contará coa colaboración do auxiliar de axuda no fogar para levar a cabo algunhas das funcións anteriormente enumeradas, por ser esta a persoa que a diario mantén contacto co usuario, pero sempre serán establecidas polo educador/a familiar.

4.- Voluntariado.- Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais de

atención primaria ou Comunitarios. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

- CAPÍTULO III -

Neste capítulo abordaremos todo o referido á Organización Funcional para a prestación do servizo.

1.- MODALIDADE DE ACCESO AO SERVIZO:

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria ou Comunitarios, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios, resolverase en réxime de libre concorrència de acordo cos criterios establecidos no apartado 5.2.b do capítulo II deste regulamento.

3. De igual maneira á expresada no punto anterior procederáse nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

4. Nos supostos recollidos nos números 2º e 3º deste artigo empregárase un baremo en que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida, recollido no anexo I deste regulamento.

2.- CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E PROCEDIMENTO:

O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais de atención primaria ou Comunitarios de titularidade do Concello de Quiroga e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico dos servizos sociais da entidade local.

No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

No acceso en libre concorrència será de aplicación o seguinte:

1. O procedemento iniciárase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común, e cos baremos que se recollen no anexo I deste regulamento.

2. Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

3. As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por o/a traballador/ra social dos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.

4. O órgano competente para dictar a resolución será O Alcalde, que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais de atención primaria ou comunitarios do Concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación regulado no apartado 4 - capítulo II, que se substanciarán no acordo de servizo (anexo IV) deste regulamento.

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do Alcalde ou do membro da Corporación Local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais de atención primaria ou comunitarios e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

Todas as axudas que se outorguen basearanse no expediente incoado ao efecto, presentado polo particular ou persoa que o represente, que haberá de conter:

- Solicitud.- A de conter, como mínimo, DNI, fotocopia da declaración da renda ou no seu defecto certificado negativo, xustificantes de ingresos e certificado de empadramento.

- Informe social, asinado por o/a traballador/a social do Concello.

- Proxecto de intervención, recollido no anexo III.

- Acordo de servizo, recollido no anexo IV.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3.- INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO:

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas

en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo anterior:

1. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención.

A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no apartado 4.1º a), todos os días da semana.

2. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria ou comunitarios.

4.- FINANCIAMENTO:

En desenvolvemento do establecido no título sétimo da Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais e no artigo 7 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, así como do disposto nos artigos 12 e 33 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e do artigo 4.3º do Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito de acceso ás prestacións económicas do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia, o servizo de axuda no fogar financiarase mediante achegas da Administración xeral do Estado, da Xunta de Galicia, da entidade local titular do servizo e das súas persoas usuarias, tendo en conta o seguinte:

1. Estableceranse anualmente, por orde do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais, os módulos económicos de financiamento do servizo, atendendo, se é o caso, ás posibles diferenzas de custo por grao e nivel de dependencia e outras tipoloxías que se considerarán.

2. O departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de servizos sociais garantirá con carácter xeral o cofinanciamento anual necesario para dar continuidade ao servizo prestado e certificado de acordo cos contidos e características establecidos nesta orde.

3. O Concello consignarán nos seus orzamentos as cantidades necesarias para garantir a viabilidade dos servizos da súa competencia. O esforzo de cofinanciamento dos Concellos no mantemento do servizo de axuda no fogar, alén dos mínimos legalmente establecidos, formará parte dos criterios para a determinación do financiamento autonómico para o mantemento do servizo de axuda no fogar municipal.

4. O Concello aprobarán e xestionarán o sistema de contribución ao financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, en función da capacidade económica destas, de acordo co establecido nos seguintes apartados.

5.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO:

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: O perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

9. A Entidade Local titular deste servizo establecerá os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

6.- PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS:

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos, O Concello establecerá unha regulación progresiva do copagamento do servizo que deberá respectar en todo caso os límites expresados na seguinte escala:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 10% e un máximo do 20% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda o 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 21% e un máximo do 60% do custo do servizo.

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 61% do custo do servizo e un máximo do 65% do custo do servizo.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais nos casos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Da prestación do servizo en áreas rurais de alta dispersión.

1. En áreas rurais de alta dispersión teranse en conta as especiais circunstancias sociais, demográficas e xeográficas e a necesidade de adaptar a prestación do servizo ás necesidades de comunidades rurais illadas e envellecidas.

2. Para estes efectos poderán impulsarse programas especiais xestionados polas administracións públicas ou por entidades de iniciativa social en que se desenvolvan actuacións das seguintes características:

a) Que complementen de maneira efectiva a rede pública de servizos sociais de proximidade.

b) Que sexan efectivamente prestados por persoas veciñas dos mesmos asentamentos ou de asentamentos próximos ás persoas usuarias.

c) Que promovan unha prestación integral que mellore a calidade de vida e de relación das persoas usuarias, adaptada as súas necesidades e ás pautas de vida rural.

d) Que favorezan a diversificación de rendas e a permanencia voluntaria da poboación maior no seu contorno.

3. Na autorización destes programas poderán excepcionarse requisitos expresados no apartado 10.2, sempre que se respecten os dereitos das persoas beneficiarias, se estableza un plan de formación e se xustifique en memoria técnica a necesidade ou conveniencia de facer unha adaptación dos citados requisitos fundamentada na viabilidade e calidade do servizo, así como nos efectos positivos en relación coas estratexias de inclusión social e desenvolvemento rural.

4. Os desprazamentos dos auxiliares de axuda no fogar serán por conta do usuario, quedando exentos os que no momento da aplicación deste regulamento, estiveran recibindo este servizo.

TÁBOAS DE CÁLCULO

1) Táboa da copagamento de axuda no fogar adaptada ó artigo 18 da nova Orde do 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, publicada no DOG do 2 de febreiro de 2009.

(S.A.F. MUNICIPAL, aplicado sobre un custe de 10 euros/hora).

INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	DENDE	ATA	%	3 HORAS/S 12 H/M	5 HORAS/S 22 H/M
Entre o 100% e o 200%	527,24 euros	1.054,48 euros	15	18,00 euros	33,00 euros
Entre o 200% e o 300%	1.054,48 euros	1.581,72 euros	20	24,00 euros	44,00 euros
Entre o 300% e o 400%	1.581,72 euros	2.108,96 euros	37	44,40 euros	81,40 euros
Entre o 400% e o 500%	2.108,96 euros	2.636,20 euros	60	72,00 euros	132,00 euros
Mais do 500%	2.636,20 euros		65	78,00 euros	143,00 euros

2) Táboa da copagamento de axuda no fogar adaptada ó artigo 18 da nova Orde do 22 de xaneiro do 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, publicada no DOG do 2 de febreiro de 2009.

(S.A.F. DEPENDENCIA, aplicado sobre un custe de 10 euros/hora).

INGRESOS EN RELACIÓN

AO IPREM	DENDE	ATA	%	90 H	70 H	55 H	50 H	15 H
Entre o 100% e o 150%	527,24 euros	790,86 euros	10	90,00 euros	70,00 euros	55,00 euros	50,00 euros	15,00 euros
Entre o 150% e o 200%	790,86 euros	1.054,48 euros	12	108,00 euros	84,00 euros	66,00 euros	60,00 euros	18,00 euros
Entre o 200% e o 250%	1.054,48 euros	1.318,10 euros	15	135,00 euros	105,00 euros	82,50 euros	75,00 euros	22,55 euros
Entre o 250% e o 300%	1.318,10 euros	1.581,72 euros	20	180,00 euros	140,00 euros	110,00 euros	100,00 euros	30,00 euros
Entre o 300% e o 350%	1.581,72 euros	1.845,34 euros	28	252,00 euros	196,00 euros	154,00 euros	140,00 euros	42,00 euros
Entre o 350% e o 400%	1.845,34 euros	2.108,96 euros	37	333,00 euros	259,00 euros	203,50 euros	185,00 euros	55,50 euros
Entre o 400 e o 450%	2.108,96 euros	2.372,58 euros	45	405,00 euros	315,00 euros	247,50 euros	225,00 euros	67,50 euros
Entre o 450% e o 500%	2.372,58 euros	2.636,20 euros	60	540,00 euros	420,00 euros	330,00 euros	300,00 euros	90,00 euros
>500%	2.636,20 euros		65	585,00 euros	455,00 euros	192,50 euros	325,00 euros	97,50 euros

R. 02790

RIBAS DO SIL

Anuncio

O Pleno do Concello de Ribas de Sil en sesión extraordinaria celebrada o once de maio de dous mil nove aprobou inicialmente o regulamento do servizo de axuda no fogar e a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e os artigos 49 e 70 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, expóñense ao público durante un período de trinta días hábiles, que comezará dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante este tempo os interesados poderán examinar o expediente e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Ribas do Sil, doce de maio de dous mil nove.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 02795

SAMOS

I.- Modificación das bases para cubrir unha praza de administrativo do Concello de Samos, pertencente a escala de administración xeral, subescala de administrativo, grupo C1.

En relación coas ditas bases publicadas íntegramente no BOP número 26 do 2 de febreiro, faise público que por resolución da Alcaldía, se modificou a base cuarta letra c) de referencia, de modo que ó establecer os requisitos onde decían: "Estar en posesión do título de bacharelato superior, formación profesional de segundo grao ou equivalente"; pasa a decir e establecer como requisito: "Estar en posesión do título de bacherelato, técnico ou titulación equivalente".

II.- Asemade, en relación coas solicitudes presentadas e o desenvolvemento do proceso selectivo, a Alcaldía tamen decidiu:

A) Ademáis de publicar esta modificación no BOP e no DOG, efectuar un novo anuncio da convocatoria no BOE, abrindo un novo prazo de vinte días naturais para presentación de solicitudes.

B) Os aspirantes que constan como admitidos na resolución que se publicou no BOP de 15 de abril, entenderanse automaticamente admitidos, sen prexuízo de que podan achegar ata a data en que finalice ese segundo prazo de presentación de instancias, novos méritos para a súa avaliación na fase de concurso segundo o previsto na base sexta das rectoras. Os aspirantes que foron excluídos, segundo a listaxe de aspirantes provisionalmente excluídos (BOP 15-04-09) pero que xa fixeron as oportunas alegacións, serán obxecto da pertinente resolución específica que lles será notificada individualmente.

C) Vencido o prazo de presentación de instancias desta segunda convocatoria no BOE, voltará a publicarse a listaxe provisional de admitidos e excluídos; na listaxe provisional de admitidos incorporárase automaticamente a tódolos aspirantes que se presentaron a primeira convocatoria e resultaron admitidos inicialmente ou despois de efectuar alegacións, mediante resolución específica. Nesa resolución fixárase de novo a data de constitución do Tribunal e comezo do proceso selectivo, entendendo polo tanto revogada a prevista para o 7 de maio de 2009.

O que se fai público no BOP para xeral coñecemento.

Samos, 12 de maio de 2009.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 02788

TABOADA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía por QUINTA SACRA, S.L., licenza municipal para a apertura de rehabilitación e ampliación de dúas bodegas destinadas a turismo rural, a situar en Monte das Quintas - Sobrecedo, cumprindo o disposto no número 2 do art. 86 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Taboada, a 13 de maio de 2009.- O Alcalde, José Jesús Ramos Ledo.

R. 02834

O VICEDO

Anuncio

Apertura de prazo para a presentación de solicitudes para Xuíz de Paz sustituto do municipio de O Vicedo.

Aquelas persoas que reunisen as condicións legais establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial 6/1985, do 1 de xullo, poden presentar solicitude para a provisión do posto de Xuíz de Paz titular.

Á solicitude, que será facilitada nas oficinas municipais, unirase a documentación seguinte:

1) Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do D.N.I.

2) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artº 2 da Lei 68/1980.

3) Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

4) A solicitude e documentación mencionadas deberán ser presentadas nas oficinas municipais durante o prazo de QUINCE DIAS hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 14 de maio de 2009.- O Alcalde, ilexible.

R. 02833

VILALBA

Anuncio

Dada a imposibilidade de notificar a David Estua Pérez, Angel Luis Fuentes Gaseni, Roberto Antonio Aneiros del Rio, José Ramón Docobo Manso,

Tecnolugo Electromecánica, CB, Manuel Ares Valoria, Mª Remedios Roca Montenegro, José Mª Fraga Calvo, Oriol Millán Fernández e Mª Teresa Abelleira Canto, con números de expediente de denuncia por infracción en vía urbana correspondentes ós exercicios 2008 e 2009 e domicilios coñecidos e respectivos en:

678/08.- TARRAGONA-VILASECA, CTRA. DE LA PINEDA, S/N.

969/08.- FERROL (A CORUÑA), SANTA COMBA, 23-25, ATICO A.

986/08.- FERROL (A CORUÑA), CL. ESTRELLA, 35-3º.

1.019/08.- RIBADEO (LUGO), CL. JUSTO BARREIRO, BQ. 2-3-2.

9/09.- SAN JUAN (LUGO), BAGUEIXOS, 41.

22/09.- MONDOÑEDO (LUGO), VILOALLEFERREIRA, 8.

40/09.- VILALBA (LUGO), GRUPO LA PAZ, 40.

48/09.- AS PONTES (A CORUÑA), BRIXEO, 39.

49/09.- BARCELONA, CL. HEDILLA, 26-28, BAIXO 1.

